



## ANUNCIO

A Alcaldía, con data 28-03-2025, ditou a Resolución 455/2025 que a continuación se transcribe:

### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

### **ASUNTO: APROBACIÓN DE NOMEAMENTO**

EXPTE.: PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABAJO PARA CUBRIR POSTOS DE TÉCNICO/A DE MUSEOS E INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO (A2) NO CONCELLO DE VIMIANZO, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A

EXPTE.TEDEC: 2024/E001/000016

## ANTECEDENTES

Por Resolución de Alcaldía núm. 34/2025 de data 13/01/2025 aprobáronse as bases do proceso de selección, mediante concurso oposición, para a elaboración dunha bolsa de traballo para a cobertura de postos de técnico/a de Museos e Interpretación do Patrimonio no Concello de Vimianzo, como funcionario/a interino/a (EXP.2024/E001/000016). O extracto foi publicado no BOP núm. 11, do 17/01/2025.

Está previsto o desenvolvemento do programa “Museos e Centros de Interpretación de Vimianzo 2025” que se recibe a subvención da Deputación da Coruña a través da convocatoria (FO216/2025) Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos, durante o ano 2025. A subvención concedida, por importe de 20.000,00 €, foi publicada no BOP núm. 46, do 10/03/2025.

Por Resolución de Alcaldía núm. 363/2025, do 13/03/2025, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas, a composición do Tribunal e a data das probas.

Constan as actas do tribunal con datas do 14, 17, 19, 21, 24 e 27 de marzo. A última recolle a proposta para a Alcaldía de bolsa de traballo.

Por Resolución de Alcaldía núm. 453/2025, do 27/03/2025, aprobouse a bolsa de traballo e o chamamento da primeira persoa da lista, quen manifestou a súa aceptación e presentou a documentación que se esixe nas bases, segundo consta no informe emitido pola técnica de Desenvolvemento Local, con data do 27/03/2025.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tense en consideración a base undécima, relativa ao procedemento para o nomeamento.

Praza do Concello, nº 6  
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001  
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal  
[www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal)



Tendo en conta o anterior, **RESOLVO**

**Primeiro.-** Aprobar o nomeamento de María Victoria Amigo Méndez, con DNI 32 801 158 F, para cubrir un posto de técnica de Museos e Interpretación do Patrimonio (A2, nivel 16), como funcionaria interina, no programa “Museos e Centros de Interpretación de Vimianzo 2025”, con data de inicio o 29/03/2025 e data de finalización o 31/12/2025.

[...]”

Vimianzo, 31 de marzo de 2025

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Oordóñez